

Solidariedade galega en Uganda

Un grupo de mozos colabora na construción dunha escola en Kampala

02-10-2013

Catorce universitarios acaban de regresar de Uganda onde puxeron en marcha un programa de apoio á educación, coa construción e conservación de escolas na zona de Kito, no suroeste de Kampala. O campo de traballo está promovido e organizado polo colexio maior A Estila e a oenegé ugandesa Kelim

Foundation, e durante tres semanas os mozos conviviron con outros de Uganda que realizaron diferentes obras de construción e acondicionamento de escolas infantís. Os beneficiarios son unhas cen familias e 400 nenos do distrito, aínda que de modo indirecto beneficiará a oito mil persoas entre nenos, novos e mulleres desa zona próxima a Kampala. O grupo de voluntarios está integrado por Hanjo Kollmann, Jaime Cárdenas, Daniel Núñez, Benito Vilas, Carlos Fernández Blanco , Víctor Chil, Eduardo Codesido, Javier Urrutia, Pedro Díaz, Víctor Santiso, Rubén Corral , Pablo Maciñeiras e Nicolás Matovelle. Seguro que ademais de axudar, tamén gozaron e aprenderon da súa estancia en Uganda.

MARÍA GONZÁLEZ // La Voz de Galicia

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/solidariedade-galega-en-
uganda/](https://opusdei.org/gl-es/article/solidariedade-galega-en-uganda/) (21-04-2025)